

Regulamento 3/2025, do 26 de febreiro, do Consello de Goberno, sobre mobilidade internacional do estudiantado da Universidade da Coruña

PREÁMBULO	3
TÍTULO I. Disposicións xerais	3
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Ámbito de aplicación.....	3
TÍTULO II. Órganos competentes.....	3
Artigo 3. A vicerreitoría con competencias en relacións internacionais	3
Artigo 4. A Oficina de Relacións Internacionais	3
Artigo 5. A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade.....	4
Artigo 6. As persoas responsables de relacións internacionais dos centros.....	4
Artigo 7. As persoas titoras académicas de intercambio.....	6
Artigo 8. As administracións dos centros	7
Artigo 9. As comisións de relacións internacionais dos centros.....	7
TÍTULO III. Os convenios de mobilidade internacional do estudiantado	8
Artigo 10. Os convenios de mobilidade internacional	8
Artigo 11. Procedemento para subscribir convenios de mobilidade internacional ..	8
Artigo 12. Seguimento e modificación dos convenios.....	9
TÍTULO IV. Mobilidade internacional do estudiantado da UDC: estudiantado saínte ..	9
CAPÍTULO I. Modalidades, dereitos e obrigas	9
Artigo 13. Modalidades	9
Artigo 14. Dereitos	10
Artigo 15. Obrigas	11
CAPÍTULO II. Procedemento de selección	13
Artigo 16. Requisitos xerais	13
Artigo 17. Convocatorias de prazas	14
Artigo 18. Selección de candidaturas das prazas	14
CAPÍTULO III. Procedemento para a solicitude e concesión da modalidade de estudante de libre mobilidade.....	16
Artigo 19. Requisitos xerais para o estudiantado de libre mobilidade.....	16
Artigo 20. Solicitude e resolución.....	16
CAPÍTULO IV. Ampliación, redución ou interrupción da estadía.....	17
Artigo 21. Ampliación da estadía	17

Artigo 22. Redución ou interrupción da estadía	18
CAPÍTULO V. Do recoñecemento académico.....	19
Artigo 23. Procedemento para tramitar a táboa de recoñecemento académico ...	19
Artigo 24. O obxecto do recoñecemento.....	19
Artigo 25. Aplicación do recoñecemento académico	20
Artigo 26. Procedemento de aplicación do recoñecemento académico.....	21
CAPÍTULO VI. O contrato de estudos ou de prácticas.....	21
Artigo 27. Contrato de estudos e contrato de prácticas	21
Artigo 28. Modificación do contrato de estudos	22
TÍTULO V. Mobilidade internacional do estudantado de universidades estranxeiras á UDC: estudantado entrante	23
CAPÍTULO I. Modalidades, dereitos e obrigas.....	23
Artigo 29. Modalidades	23
Artigo 30. Dereitos e obrigas.....	24
Artigo 31. Competencia lingüística.....	24
CAPÍTULO II. Admisión do estudantado entrante	24
Artigo 32. Admisión do estudantado de intercambio	24
Artigo 33. Admisión do estudantado visitante	24
Artigo 34. Admisión do/a investigador/a visitante.....	25
Artigo 35. Admisión do estudantado entrante de prácticas.....	25
CAPÍTULO III. Réxime das estadías do estudantado entrante na UDC.....	26
Artigo 36. Condicións académicas	26
Artigo 37. Adscrición	26
Artigo 38. Certificados académicos.....	27
Disposición derogatoria única. Derrogación normativa	27
Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria	27
Disposición final segunda. Entrada en vigor.....	27

PREÁMBULO

Un dos principais obxectivos da Universidade da Coruña (UDC) é que o seu estudiantado de títulos oficiais poida realizar parte dos seus estudos nunha institución estranxeira de ensino superior e que estes estudos sexan recoñecidos academicamente.

Este regulamento reflicte esta vontade de potenciar a mobilidade internacional, actualizando e creando unha norma que garanta os dereitos e os deberes do estudiantado e que facilite a colaboración e a coordinación entre as partes involucradas. Este proceso administrativo de mobilidade implica non só ao estudiantado, ao persoal docente e ao persoal da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, senón tamén ás persoas membros dos equipos de dirección dos centros competentes en materia de relacións internacionais e ao persoal das administracións dos centros.

TÍTULO I. Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

O obxecto do presente regulamento é o de establecer o marco normativo da mobilidade internacional do estudiantado que xestiona a UDC.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

1. Este regulamento será de aplicación ao estudiantado de títulos oficiais da UDC que pretenda acceder ou sexa beneficiario dunha estadía de mobilidade internacional, así como ao estudiantado doutros países que realice unha estadía na UDC.
2. Non se aplicará este regulamento ao estudiantado foráneo que accedera a UDC tras cumprir os requisitos da normativa xeral de acceso e estea cursando un título oficial.

TÍTULO II. Órganos competentes

Artigo 3. A vicerreitoría con competencias en relacións internacionais

Á vicerreitoría con competencias en relacións internacionais é o órgano responsable de planificar, desenvolver e impulsar a política de internacionalización da UDC. Dirixe a política de mobilidade internacional da Universidade e supervisa e coordina aos demais órganos da UDC con competencias na xestión e organización dos distintos programas de mobilidade.

Artigo 4. A Oficina de Relacións Internacionais

1. A Oficina de Relacións Internacionais (ORI) é unha unidade técnica e administrativa dependente da vicerreitoría con competencias en relacións internacionais.
2. A ORI é a unidade responsable de coordinar a xestión da mobilidade do estudiantado, do profesorado e do persoal técnico de xestión de administración e servizos, no marco dos programas, acordos e convenios subscritos pola UDC.

Correspóndelle xestionar as actuacións de carácter xeral que superen a competencia dos centros, así como coordinalos cando as actuacións involucren a varios deles.

3. As funcións da ORI son as seguintes:

- a) informar e asistir ao estudantado e aos centros na xestión dos programas de mobilidade;
- b) a xestión administrativa dos distintos programas de mobilidade no que non sexa competencia dos centros;
- c) xestionar as bolsas e as axudas á mobilidade no que non sexa responsabilidade dos centros;
- d) establecer e manter relacións con outras universidades en todo aquilo que non sexa competencia dos centros;
- e) realizar o seguimento das relacións da UDC coas entidades que organizan, colaboran e financian a mobilidade do estudantado;
- f) organizar a acollida do estudantado entrante na UDC;
- g) xestionar os trámites do estudantado entrante nos termos expostos neste regulamento.

Artigo 5. A Comisión de Relacións Internacionais da Universidade

1. A Comisión de Relacións Internacionais é o órgano colexiado, representativo dos distintos colectivos da universidade, encargado de fortalecer a dimensión internacional da universidade. Correspóndelle organizar e desenvolver as actividades de proxección internacional da UDC.

2. A composición e as funcións da Comisión de Relacións Internacionais desenvolveranse regulamentariamente.

Artigo 6. As persoas responsables de relacións internacionais dos centros

1. En cada facultade ou escola da UDC haberá unha persoa responsable de dirixir e xestionar a política de internacionalización do centro. Esta función corresponderá a unha persoa membro do equipo de dirección do centro, que as desenvolverá en exclusiva ou xunto con outras funcións que se lle asignen.

Correspóndelle realizar funcións de carácter xeral, funcións relacionadas co estudantado da UDC e co estudantado procedente doutras institucións, así como funcións de coordinadora departamental, nos termos recollidos nos parágrafos seguintes.

2. As funcións de carácter xeral da persoa responsable das relacións internacionais do centro son as seguintes:

- a) Promover e apoiar o deseño e a execución de programas de internacionalización das actividades académicas do centro, de acordo coas directrices e os criterios establecidos polo equipo de dirección e a xunta de centro. A finalidade destes

programas é que as actividades académicas ordinarias do centro se desenvolvan nun entorno internacionalizado.

b) Impulsar a mobilidade internacional do seu centro e ampliar a oferta de convenios, acordos e programas cos centros de ensino superior con que se manteñan relacións de intercambio (a partir de agora, centros socios), tendo en conta os perfís académicos e os criterios establecidos polo equipo de dirección e a xunta de centro.

c) Ser a interlocutora do centro nas súas relacións coa ORI e cos/as responsables dos centros socios, e actuar como referencia nas accións e programas de intercambio internacional.

d) Representar ao centro nos ámbitos que lle correspondan e informar á dirección do centro de todos os asuntos relacionados coa mobilidade internacional do estudiantado do centro.

e) Visitar as universidades e os centros estranxeiros para explorar novas posibilidades de cooperación ou solucionar problemas e dificultades que existan cos centros socios. Tamén será responsable de atender as visitas das persoas coordinadoras dos centros socios.

f) Propor e coordinar aos/ás titores/as de intercambio, se for o caso.

g) Velar de que se cumpra esta normativa.

h) Calquera outra función que lle atribúa a normativa vixente ou lle encomenden os órganos de goberno da UDC.

3. As funcións da persoa responsable das relacións internacionais do centro relacionadas co estudiantado da UDC son as seguintes:

a) Difundir no centro a información sobre os programas e as accións de intercambios internacionais, en colaboración coa ORI.

b) Asesorar e titorizar ao estudiantado que participa nun programa de intercambio, especialmente en cuestións académicas, ben de forma directa ou a través dos/das titores/as de intercambio.

c) Formar parte da comisión que resolva as solicitudes de prazas de intercambio e elaborar a proposta de adxudicación de destinos para remitir á ORI.

d) Formalizar o contrato de estudos, asegurando que a táboa de equivalencias é adecuada para o título que o/a estudante estea a cursar no seu centro. No caso de existir a figura de persoa titora académica no centro, esta persoa elaborará o contrato de estudos dos intercambios que estean ao seu cargo, antes da súa sinatura pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.

e) Traducir as cualificacións obtidas na universidade de destino e asinar o recoñecemento académico das materias que se cursaron na mobilidade internacional.

f) Autorizar as modificacións que se poidan producir no contrato de estudos e elaborar e asinar o contrato definitivo.

g) Facer o seguimento do estudantado do centro que participe en programas de mobilidade mentres estea realizando a estadía no centro de destino, ben de forma directa ou a través das titorías de intercambio.

h) Autorizar as solicitudes de libre mobilidade internacional do estudantado do centro.

i) Realizar, respecto deste estudantado, calquera outra función para a que teñan competencia de acordo cos programas de mobilidade que xestiona a UDC.

j) Informar sobre as ampliacións de estadía do estudantado internacional.

4. As funcións da persoa responsable das relacións internacionais do centro relacionadas co estudantado procedente doutras institucións son as seguintes:

a) Asesorar e facer o seguimento académico do estudantado estranxeiro durante a súa estadía na UDC, ben de forma directa ou a través das persoas titoras académicas.

b) Autorizar, de ser o caso, o plan de estudos do estudantado que realice estadias no programa de visitantes ou noutros programas de mobilidade que impliquen ou non intercambio.

c) Realizar, respecto deste estudantado, calquera outra función para a que teñan competencia de acordo cos programas de mobilidade que xestiona a UDC.

5. A persoa responsable de relacións internacionais do centro terá a condición de coordinadora departamental de intercambios e realizará todas as funcións que se lle asignen á dita figura nos programas e convenios de intercambio que execute a UDC e que esixan a súa existencia.

Artigo 7. As persoas titoras académicas de intercambio

1. Cando as características dun grupo de mobilidades, o número total de mobilidades do centro ou outras circunstancias o requiran, o decanato ou a dirección designará, por proposta da persoa responsable de relacións internacionais do centro, unha ou varias persoas de apoio á súa xestión, que exercerán como persoas titoras académicas de intercambio.

2. Para os efectos de racionalizar a xestión da mobilidade, nas escolas ou facultades en que se considerar oportuno, a comisión encargada das relacións internacionais do centro poderá establecer un número máximo de estudantes e/ou destinos que se asignarán a unha mesma persoa titora académica de intercambio.

3. A persoa titora académica de intercambio terá as seguintes funcións:

a) Informar e asesorar ao estudantado de intercambio, tanto propio como foráneo, sobre os estudos que pode realizar na universidade de destino ou na UDC, así como dos recursos e servizos dispoñibles na universidade.

b) Elaborar o contrato de estudos provisional que será asinado pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.

c) Apoiar á persoa responsable de relacións internacionais do centro no seguimento do estudiantado, tanto saínte como entrante, durante a súa estada no centro de destino.

d) Propor o recoñecemento de estudos aos intercambios ao seu cargo, proposta que será asinada pola persoa responsable de relacións internacionais do centro correspondente.

e) Asesorar á persoa responsable de relacións internacionais do centro, procurar información suficiente sobre as universidades e os centros de ensino superior asociados e realizar un seguimento destes para garantir o axeitado desenvolvemento e a calidade dos intercambios académicos.

Artigo 8. As administracións dos centros

As funcións das administracións dos centros en materia de mobilidade son as seguintes:

a) Axudar a xestionar a asignación de prazas de mobilidade ao estudiantado que o solicite en cada convocatoria, de conformidade coa información remitida pola ORI e de acordo co procedemento establecido neste regulamento.

b) Xestionar o proceso de matrícula do estudiantado que curse parte dos seus estudos en mobilidade internacional e facer o seguimento das modificacións e da ampliación de matrícula que correspondan.

c) Facer a xestión académica do estudiantado da UDC en mobilidade internacional.

d) Realizar, respecto deste estudiantado, calquera outra función administrativa que lle sexa encomendada por outras normas, polo equipo de dirección do seu centro ou por outros órganos competentes da universidade.

Artigo 9. As comisións de relacións internacionais dos centros

1. En cada escola ou facultade existirá unha comisión delegada da xunta do centro que se encargará das actividades de internacionalización.

2. As funcións desta comisión poderán ser asumidas por unha comisión delegada da xunta de facultade ou escola xa existente, ou poderá crearse unha comisión específica para as relacións internacionais.

No caso de que se trate dunha comisión delegada existente, cando actúe como comisión de relacións internacionais, incorporárase a ela, como membro de pleno dereito, a persoa responsable de relacións internacionais do centro.

3. As funcións da comisión serán as seguintes:

a) Establecer as liñas estratéxicas e organizar os programas de desenvolvemento da política de internacionalización das actividades do centro.

b) Diseñar e impulsar as directrices da política de convenios e mobilidade internacional do centro.

- c) Organizar e facer o seguimento dos convenios e programas de mobilidade do centro.
- d) Elaborar e actualizar, previa proposta da persoa responsable de relacións internacionais do centro, a táboa de equivalencias das materias das titulacións do centro coas materias e titulacións dos centros de ensino superior socios, que será remitida á xunta de centro.
- e) Organizar as actividades de intercambio que se desenvolvan no centro.
- f) Velar de que se cumpra a normativa correspondente e o seguimento das liñas de actuación da política de relacións internacionais da UDC.
- g) Asumir as funcións que se lle asignen no ámbito do seu centro.

TÍTULO III. Os convenios de mobilidade internacional do estudiantado

Artigo 10. Os convenios de mobilidade internacional

Enténdese por convenio de mobilidade internacional calquera acordo entre a UDC e outra/s universidade/s, institución/s ou entidade/s estranxeiras, en virtude do cal as partes se comprometen a enviar e/ou recibir estudantes coa finalidade de estudo ou prácticas e a validar no lugar de orixe os resultados académicos obtidos no lugar de destino.

Artigo 11. Procedemento para subscribir convenios de mobilidade internacional

1. A iniciativa para tramitar un convenio de mobilidade internacional poderá proceder da Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da UDC ou das persoas coordinadoras académicas de intercambio dos centros.

2. Calquera membro da comunidade universitaria poderá dirixirse á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro ou, se a proposta afecta a varios centros, á ORI, para comunicar o seu interese en que se tramite un novo convenio. A persoa coordinadora ou, de ser o caso, a ORI, cando entendan que a proposta é de interese para o centro ou a universidade tramitarano de acordo coas normas establecidas neste artigo.

3. As iniciativas das persoas coordinadoras dos centros deberán ir acompañadas dun informe académico elaborado por elas mesmas. Este informe:

- a) aludirá ao interese académico do convenio para o centro, tendo en conta a opinión das persoas responsables dos programas que se vexan afectados;
- b) se baseará nos contactos previos entre a persoa responsable de relacións internacionais do centro e as persoas homólogas na/s institución/s coa/s que se pretende establecer o convenio;
- c) incluírá os datos de contacto do/a coordinador/a departamental da institución coa que se pretende establecer o convenio, as cifras de mobilidade que se propoñan, así

como a documentación xerada durante os contactos coa posible nova institución social da UDC.

4. Todas as iniciativas deberán contar cun informe técnico preceptivo e vinculante da ORI. Este informe avaliará a adecuación da proposta á normativa aplicable e á estratexia institucional da UDC, considerando as implicacións da nova relación institucional para a UDC no seu conxunto.

Se o informe fose desfavorable, a ORI informará ao centro das súas razóns e poderá indicar as posibilidades de emenda dos defectos atopados, se os houber, ou ofrecer outras posibilidades ao intercambio proposto que se axusten mellor aos intereses do centro e a universidade.

5. A ORI remitiralle á vicerreitoría con competencias en relacións internacionais todas as propostas de convenio que cumprisen os trámites regulados nos parágrafos anteriores.

Os convenios de mobilidade internacional han de ser asinados polo/a reitor/a ou pola persoa en quen este/a delegar. No caso de que se utilicen plataformas en liña para a súa formalización, a súa xestión e aprobación delegarase nun/ha técnico/a ou persoa responsable da ORI, sempre que non se necesiten sinaturas electrónicas (FMT) e conteña o visto e prace previo da persoa responsable de relacións internacionais do centro da UDC.

Artigo 12. Seguimento e modificación dos convenios

1. Unha vez que se asinen, todos os convenios de mobilidade internacional haberán de ser arquivados na ORI e estarán ao dispor de todas as persoas interesadas.

2. Corresponderalle á ORI, á Comisión de Relacións Internacionais da UDC, ás persoas responsables de relacións internacionais dos centros, ás persoas titoras académicas de intercambio, e ás comisións de relacións internacionais dos centros, a función de realizar o seguimento dos convenios de mobilidade internacional subscritos pola UDC que lles afecten.

3. A modificación dos convenios de mobilidade realizarase a través do mesmo procedemento que para a súa formalización.

4. A mobilidade saínte prevista nos convenios asinados por iniciativa da ORI só será aplicable aos centros cando dita mobilidade conte co beneplácito das persoas responsables internacionais dos centros implicados.

TÍTULO IV. Mobilidade internacional do estudiantado da UDC: estudiantado saínte

CAPÍTULO I. Modalidades, dereitos e obrigas

Artigo 13. Modalidades

1. Se considerará estudiantado saínte aquel que se atope nalgunha destas situacións:

a) O estudiantado de intercambio que:

- estea matriculado en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento
- realice unha estadía académica temporal con fins de estudos nunha institución de educación superior estranxeira
- resulte adxudicatario/a dunha praza de mobilidade concedida pola UDC no marco dos programas, acordos ou convenios subscritos.

b) O estudiantado de libre mobilidade que estea matriculado en estudos oficiais de grao, mestrado e doutoramento e realiza unha estadía académica temporal con fins de estudos sen contar cunha praza de mobilidade concedida dentro dos programas, acordos ou convenios subscritos.

c) O estudiantado de prácticas no estranxeiro que:

- estea matriculado en estudos oficiais de grao ou mestrado
- realice unha estadía temporal nunha empresa, institución ou organismo para desenvolver nela un período de prácticas
- resulte adxudicatario/a dunha praza de mobilidade para prácticas nalgún dos programas xestionados con este fin pola UDC.

2. O estudiantado de intercambio e o de libre mobilidade integrarán a categoría de estudiantado co fin de estudos.

Artigo 14. Dereitos

O estudiantado saínte da UDC, en calquera modalidade das previstas no artigo 12, terá os seguintes dereitos:

a) A recibir información da ORI, dos centros e das persoas responsables de relacións internacionais do seu centro sobre:

- as condicións para o recoñecemento académico dos estudos e das prácticas realizadas durante a estadía;
- as convocatorias, as bolsas, os requisitos e os trámites administrativos necesarios para organizar a estadía.

A UDC, a través de todos os órganos e as persoas implicadas na xestión dos intercambios internacionais, procurará que a información sobre a mobilidade internacional sexa accesible e que todas as novidades e convocatorias se difundan de forma axeitada entre o estudiantado.

b) A formalizar un contrato de estudos co programa de estudos que ten previsto realizar no centro de destino. A UDC estará obrigada a recoñecer, nos termos acordados neste contrato, os estudos realizados e as cualificacións obtidas no estranxeiro como parte do plan de estudos oficial en que o estudiantado estea matriculado na UDC.

O estudiantado saínte, coa finalidade de realizar prácticas, terá dereito a formalizar un contrato de prácticas en que a UDC se comprometerá a lle conceder ao traballo realizado por el ou ela pleno recoñecemento académico e incluír este recoñecemento no seu expediente académico ou ben facelo constar só no suplemento europeo ao título (SET).

c) A modificar o contrato de estudos por falta de oferta académica das materias que elixiu ou se son inadecuadas, no prazo dun mes desde o inicio das actividades académicas na universidade de destino. O contrato só poderá modificarse unha vez cada semestre.

No caso do contrato de prácticas, o estudiantado poderá modificalo por inadecuación do programa de formación ou por outros motivos relacionados co contido ou a duración da práctica. O contrato poderá modificarse no prazo dun mes, que comezará a contar desde o inicio das prácticas, e só poderá modificalo nunha única ocasión.

d) A modificar a matrícula como consecuencia dunha modificación do contrato de estudos ou de prácticas. Para modificala abirásele un prazo extraordinario e, de ser o caso, terá dereito á devolución dos prezos públicos correspondentes.

e) A manter as bolsas e as axudas que non sexan incompatibles coa mobilidade, así como a recibir as axudas económicas específicas para a mobilidade, cando se teña dereito a elas.

f) Á exención do pagamento de matrícula na universidade de destino, sempre que o acordo ou convenio non dispoña o contrario. Se o acordo ou convenio de intercambio require o pagamento total ou parcial da matrícula, esta circunstancia indicárase na convocatoria das prazas de mobilidade.

Artigo 15. Obrigas

1. O estudiantado saínte da UDC terá as seguintes obrigas:

a) Formalizar a súa solicitude de mobilidade, realizar os trámites administrativos que sexan necesarios e presentar a documentación que se lle requira, tanto na UDC como na universidade de destino, na forma e prazos que se establezan.

b) Matricularse na UDC das materias, cursos ou créditos que estableza o seu contrato de estudo ou de prácticas e, de ser o caso, das posteriores modificacións. Ademais, deberá realizar os pagamentos da matrícula e das taxas nos prazos correspondentes.

c) Asinar un convenio financeiro antes de comezar a mobilidade. No caso de non asinar en prazo, perderá o dereito á mobilidade.

d) Formalizar a modificación do seu contrato de estudos ou prácticas no prazo establecido e cumprir os requisitos e os trámites que se establezan. O incumprimento desta obriga poderá impedir que se realice a modificación do contrato.

e) Contratar un seguro de asistencia sanitaria, de accidentes, de asistencia en viaxe e de responsabilidade civil. E, se for o caso, os seguros que esixa o programa de mobilidade en que participa e a institución de destino en que vai realizar a estadía.

f) Tramitar o seu visado, cando sexa necesario, e/ou realizar calquera outro trámite necesario para que a súa situación xurídica na institución de destino cumpra coa lexislación alí vixente.

g) Incorporarse á institución ou entidade de destino na data que se dispoña e notificar á ORI que se incorporou, remitíndolle o certificado de chegada nun prazo máximo de 10 días desde a súa incorporación.

h) Revisar e empregar o correo electrónico da UDC regularmente para comunicarse coa ORI e coa persoa responsable de relacións internacionais do seu centro, así como para recibir todas as comunicacións da UDC. Igualmente, deberá proporcionar un enderezo e un número de teléfono dunha persoa de contacto en orixe.

i) Permanecer fisicamente no destino durante o tempo necesario para desenvolver as actividades académicas ou as prácticas recollidas no seu contrato.

j) Cumprir coas normas da institución de acollida.

k) Aproveitar o programa de estudos e superar un número de créditos igual ou superior ao vinte por cento do total de créditos que cursa no centro de destino.

Se a estadía é para realizar unha tese ou traballo de fin de titulación ou de doutoramento, e de acordo co contrato de estudos o tempo de traballo no centro de destino non dá lugar ao recoñecemento de créditos, o aproveitamento acreditarase cun informe de avaliación da persoa encargada da súa tutela durante a estadía.

Se a estadía é para realizar prácticas, o aproveitamento acreditarase cun informe de avaliación da persoa titora na empresa ou institución de acollida.

l) Solicitar, ao órgano competente na universidade de destino, unha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos realizados, coa denominación das materias ou actividades e os créditos e cualificacións obtidas. Esta certificación terá que ser entregada polo/a estudante na ORI.

m) Entregar o certificado de fin de estadía no prazo máximo dun mes tras finalizar esta, e, de ser o caso, emitir os informes relativos á estadía e cumprir coas demais obrigas establecidas na convocatoria no momento de regresar á UDC.

2. De non cumprirse estas obrigas poderá supor o reintegro total ou parcial das axudas concedidas, a perda do dereito ao recoñecemento académico e a exclusión dos programas de mobilidade internacional promovidos pola UDC durante a seguinte convocatoria.

Sen prexuízo do anterior, a presentación de documentación falsificada en substitución da expedida por calquera das universidades, centros, entidades ou organismos que participan no intercambio constituirá unha falta moi grave, segundo o artigo 10º do

Regulamento de disciplina académica. En caso de se apreciar indicios de delito, o expediente remitirase ao Ministerio Fiscal.

Cando o incumprimento sexa das cargas reguladas nas letras a) e c), a consecuencia será a imposibilidade de acceder á praza de mobilidade e a perda das vantaxes que se derivasen do trámite desatendido ou da documentación non presentada.

De non cumprirse os deberes relativos ao aproveitamento da estadía regulado na letra k) determinará a obriga de devolver as cantidades percibidas en concepto de bolsas e axudas para a mobilidade.

3. As sancións a que se refire este artigo han de ser acordadas polo/a reitor/a por proposta da Comisión de Relacións Internacionais, logo de tramitar un expediente contradictorio.

4. En caso de non devolver en prazo as axudas reclamadas pola ORI, os importes poderán incluír a recarga establecida pola UDC na instrucion de xerencia sobre tramitación de subvencións e axudas vixente en cada momento.

CAPÍTULO II. Procedemento de selección

Artigo 16. Requisitos xerais

1. Alén dos requisitos que estableza cada convocatoria de bolsas, axudas e prazas de mobilidade internacional, o estudantado deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado/a, ou cando menos admitido/a, na titulación en que pretenda facer a mobilidade, no momento de presentar a solicitude.

b) Estar cursando estudos oficiais de grao nun curso superior a primeiro, nun mestrado ou nun programa de doutoramento, durante o período de estadía na universidade de destino.

c) Acreditar o coñecemento da lingua estranxeira que se vaia a empregar na institución de destino, nun dos niveis de referencia do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL). Non obstante, a convocatoria de mobilidade en que participe recollerá o nivel que se necesitará acreditar para cada lingua.

d) Cumprir os requisitos que estableza o centro ao que pertenza o estudantado e a universidade de destino para participar e ser aceptado nos programas de mobilidade.

2. Agás que o plan de estudos estableza condicións específicas para a mobilidade, o estudantado poderá realizar un máximo de dúas mobilidades con fins de estudos por titulación (grao, mestrado e doutoramento) sempre que ningunha delas supere os seis meses de duración. De superarse este límite, o/a estudante só poderá realizar unha. Ademais, cada estudante poderá realizar unha estadía adicional con fins de prácticas en cada titulación.

As limitacións sinaladas non afectarán á formación específica no estranxeiro incluída nos propios plans de estudos da UDC, nin a outros supostos ou programas especiais creados por convenios ou acordos bilaterais ou multilaterais con outras institucións.

Para os efectos da regra anterior, e agás que se dispoña o contrario na convocatoria de prazas de mobilidade dalgunha universidade ou centro de destino en particular, nos supostos de simultaneidade de estudos de dúas titulacións da UDC, computarase como se fose unha única titulación.

Artigo 17. Convocatorias de prazas

1. Anualmente, a vicerreitoría con competencias en relacións internacionais publicará a convocatoria das prazas de mobilidade no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC e na páxina web da ORI. Ademais, comunicarao ás persoas responsables de relacións internacionais dos centros.

2. A convocatoria establecerá, cando menos, as condicións das prazas que se oferten, o procedemento, os criterios de selección e as axudas económicas ofertadas ás persoas adxudicatarias.

3. As convocatorias para as prazas de prácticas realizaranse de acordo coas regras de cada un dos programas de mobilidade que xestione a UDC. Procurarase que as convocatorias que se publiquen lle faciliten ao estudiantado o acceso a este tipo de estadías. Así mesmo, a convocatoria incluírá información sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social, segundo a lexislación vixente ou os termos do convenio que se subscriba.

Artigo 18. Selección de candidaturas das prazas

As prazas de mobilidade dispoñibles han de ser adxudicadas entre o estudiantado admitido ao proceso de selección que cumpra os requisitos establecidos no artigo 16, de conformidade co seguinte procedemento:

a) O estudiantado seleccionará, por orde de preferencia, aqueles destinos en que desexe realizar a súa estadía, elixindo ata o número máximo que se indique na oferta de prazas de mobilidade do seu centro.

b) O proceso de adxudicación farase estudante a estudante, seguindo unha orde de prelación baseada na puntuación obtida, que se calculará utilizando os seguintes criterios:

– A nota media do expediente académico, que se calculará segundo o sistema vixente no momento da publicación da convocatoria.

– De maneira discrecional, o centro de procedencia do/a estudante poderá asignar en concepto de 'Outros méritos' ata un 5% da puntuación total que pode obter o/a estudante. Entre estes méritos, valorarase especialmente que a competencia lingüística do/a estudante sexa superior á que se esixe neste regulamento e nas convocatorias de mobilidade.

– De darse empate entre dúas persoas, asignarase a praza a quen faga unha estancia de maior duración. Se este criterio non permite o desempate, daráselle preferencia a quen teña aprobados máis créditos da súa titulación. De persistir o

empate, asignarase a praza a quen certifique un nivel máis alto no idioma no que vai desenvolver as súas actividades académicas na institución de destino. De continuar co empate, a praza asignaráselle a quen teña máis matrículas de honra; e se ambas as persoas teñen as mesmas, á que obtivese máis sobresalientes, e así sucesivamente ata conseguir o desempate.

c) A adxudicación realizarase asignando a cada estudante a primeira praza da súa preferencia que estea dispoñible, entre as que elixira. Só se asignará un único destino por estudante e prazo de convocatoria.

Aquel estudantado ao que non se lle asigne praza en ningún dos destinos solicitados será considerado suplente do seu primeiro destino elixido, sempre que non exista previamente outro/a suplente xa asignado/a.

De contar todas as universidades da súa elección con suplentes, asignaráselle a condición de segundo/a suplente nalgunha delas seguindo o criterio para as primeiras suplencias, e así de modo sucesivo para as terceiras e cuartas suplencias.

d) A Administración de cada centro elaborará unha listaxe provisional coas prazas asignadas a cada estudante que será aprobada pola Comisión de Relacións Internacionais do centro. Esta listaxe publicarase na páxina web do centro. Cada estudante disporá dun prazo de cinco días para presentar reclamacións contra esta listaxe ante a dita comisión.

e) Tras resolverse as reclamacións pola Comisión de Relacións Internacionais do centro a persoa titular do decanato/dirección do centro ditará resolución de adxudicación definitiva de destinos.

A Administración de cada centro remitiralle á ORI as listaxes provisionais e definitivas e as notas medias que computaron para asignar os destinos. A ORI terá en conta ditas notas para o reparto das axudas económicas, de ser o caso.

f) A resolución de adxudicación de destinos publicarase na páxina web do centro e da ORI no prazo máximo de dez días hábiles desde a publicación da listaxe provisional. Contra ela poderá interpoñerse recurso de alzada, de acordo co establecido nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPACAP). Resolverá o recurso o/a vicerreitor/a con competencias en relacións internacionais, por delegación do/da reitor/a.

A resolución do devandito recurso esgotará a vía administrativa e contra ela só caberá recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co establecido nos artigos 8 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (LJCA).

g) A adxudicación definitiva de prazas estará condicionada a aceptación por parte do centro de destino.

CAPÍTULO III. Procedemento para a solicitude e concesión da modalidade de estudante de libre mobilidade

Artigo 19. Requisitos xerais para o estudiantado de libre mobilidade

O estudiantado que desexe realizar una estadía internacional fóra da oferta de prazas de intercambio deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Cumprir o establecido no artigo 16 deste regulamento para todo o estudiantado de intercambio. Respecto ao que se establece no artigo 16.1.c), ao estudiantado de libre mobilidade aplicaráselle os mesmos requisitos lingüísticos que os que se esixan ao estudiantado que participe na convocatoria de mobilidade internacional do ano en que vaia realizar a estadía.

b) Realizar a estadía nun centro distinto daqueles que forman parte da oferta ordinaria para mobilidade do estudiantado no centro de procedencia do/a alumno/a.

c) Dispor dunha carta de admisión na institución de destino para realizar os estudos que solicita, ou do correspondente resguardo de matrícula. De non ter este resguardo, a carta de admisión deberá expresar que foi admitido/a na universidade de destino a título persoal e á marxe de calquera relación existente, ou futura, entre esta e a UDC.

Ademais, o/a estudante deberá ter unha relación das materias que vai cursar na institución estranxeira, co programa detallado de cada una delas para que a persoa responsable de relacións internacionais do centro poida valorar debidamente a solicitude.

d) Contar cun documento de recoñecemento académico en que conste a conformidade da persoa responsable de relacións internacionais do seu centro na UDC, e o consentimento da comisión competente para aprobar as táboas de recoñecemento académico.

Os centros poderán, se o estimaren oportuno, establecer notas informativas en que figuren as condicións académicas de carácter obxectivo que estimen precisas para conceder as prazas de libre mobilidade.

En todo caso, o estudiantado de libre mobilidade estará suxeito ás limitacións en canto ao número de estadías por titulación establecidas no artigo 16.2 deste regulamento.

Artigo 20. Solicitude e resolución

1. O estudiantado da UDC de libre mobilidade que prevexa realizar unha estadía temporal nunha universidade doutro país deberá presentar unha solicitude seguindo as instrucións publicadas na páxina web da ORI. A solicitude deberá presentarse, como mínimo, cun mes de antelación á data de inicio da mobilidade. Esta solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

a) Un documento en que conste a aceptación do/a estudante na institución de destino como estudante de libre mobilidade, especificando as datas da estadía e as condicións a que estea suxeita a aceptación.

- b) O certificado acreditativo do nivel de idiomas esixido.
- c) A proposta de equivalencias formalizada entre o/a estudante e a persoa responsable de relacións internacionais do seu centro.

2. A vicerreitoría con competencias en relacións internacionais da UDC ditará unha resolución no prazo máximo de quince días desde a presentación da solicitude, con indicación expresa dos recursos que as persoas interesadas puideren interpor contra a resolución e dos prazos para facelo.

3. Logo de se conceder a mobilidade, formalizarase o contrato de estudos correspondente, que asinará o/a estudante, a persoa coordinadora académica do centro UDC e o/a coordinador/a institucional da UDC.

4. O estudantado de libre mobilidade deberá cumprir coas obrigas que se establecen no artigo 15 deste regulamento.

CAPÍTULO IV. Ampliación, redución ou interrupción da estadía

Artigo 21. Ampliación da estadía

1. O estudantado poderá solicitar unha autorización de ampliación de estadía durante o período lectivo do curso académico, sempre que cumpra coas condicións que estableza a convocatoria.

2. A ampliación da estadía poderá concederse por un semestre adicional e só será posible por causas académicas debidamente xustificadas. Ademais, estará condicionada á aceptación por parte da institución de destino.

3. A ampliación do período de mobilidade implicará unha modificación no contrato de estudos e unha emenda ao convenio financeiro. A ampliación do período de mobilidade estará suxeita a que se cumpra o mínimo de créditos que contemple a convocatoria, e á firma da emenda ao convenio financeiro. Unha vez que se asine a emenda ao convenio financeiro, non se admitirá unha redución de estancia. De non cumprirse calquera destas dúas obrigas cancelárase de oficio a ampliación da estadía.

4. As solicitudes de ampliación presentaranse no prazo máximo de 4 semanas desde o inicio das actividades académicas na institución de destino, e aprobaranse, en todo caso, antes do inicio do período de exames e un mes antes de que finalice o período de intercambio previsto.

5. O procedemento para solicitar esta modificación será o seguinte:

a) O/a estudante solicitará a ampliación do período de mobilidade á persoa responsable de relacións internacionais do seu centro. Xunto a solicitude de ampliación entregará, de ser necesario, a proposta de modificación do contrato de estudos.

b) A persoa responsable de relacións internacionais remitirá o documento de ampliación de estancia xunto co contrato modificado, de ser necesario, á administración do seu centro, para realizar o cambio de matrícula.

- c) O/A estudante deberá solicitar na administración do centro os cambios que procedan na súa matrícula.
- d) As administracións dos centros terán que remitir a modificación do contrato á ORI nun prazo máximo dunha semana desde a firma do documento pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.
- e) A ORI remitiralle ao/á estudante por correo electrónico a modificación do convenio financeiro, e confirmaralle de forma expresa se concede ou non unha axuda económica a través dunha emenda ao convenio financeiro. Esta axuda dependerá da dispoñibilidade orzamentaria.
- f) O/A estudante terá que enviarlle á ORI a emenda asinada no prazo que se lle indique no correo electrónico.
- g) A administración do centro rexistrará no expediente do/da estudante o contrato modificado coa firma das tres partes (estudante e coordinadoras UDC e destino), e remitiralle copia ao/á estudante do documento de modificación/ampliación, como confirmación do cambio de matrícula.

Artigo 22. Redución ou interrupción da estadía

1. No caso de redución da estadía de dous semestres a un semestre, o procedemento e condicións será similar ao da ampliación sempre que se solicite a redución durante o primeiro mes da estadía. O/a estudante deberá eliminar do seu contrato as materias da UDC das que se queira examinar no segundo semestre do curso.

Esta redución terá efecto sobre o convenio financeiro, tal e como se establece no artigo anterior. Unha vez asinada a emenda ao convenio financeiro, non se admitirá unha ampliación de estancia.

2. En caso de interrupción do período de mobilidade antes do fin das actividades académicas previstas inicialmente, tanto para mobilidades anuais como semestrais, o/a estudante deberá comunicar esta situación á ORI e á persoa coordinadora de mobilidade internacional do seu centro. Nestes casos non procederá a modificación do contrato de estudos.

Sempre que se cumpran un mínimo de dous meses de estadía, o/a estudante deberá cumprimentar o seu certificado de fin de estancia coas datas finais de estancia, procedendo a ORI a axustar proporcionalmente o importe da bolsa concedida, a través dunha emenda ao convenio financeiro.

En caso de non cumprir cunha estadía mínima de dous meses en destino, considerarase unha interrupción da mobilidade e o/a estudante deberá devolver o importe íntegro da axuda económica recibida.

CAPÍTULO V. Do recoñecemento académico

Artigo 23. Procedemento para tramitar a táboa de recoñecemento académico

1. Cando un convenio inclúa intercambio de estudantes, cada facultade ou escola afectada deberá elaborar unha táboa de equivalencias que garanta a viabilidade académica da mobilidade. Esta táboa fixará, con carácter obrigatorio, os criterios que se utilizarán para recoñecer a actividade académica que desenvolva o/a estudante no centro de destino, no marco do convenio correspondente.

2. A comisión competente poderá establecer uns criterios xerais para o recoñecemento académico, que se apliquen de forma común a varias táboas. Estes criterios incorporaranse como condicións xerais básicas en cada unha das táboas que se vexan afectadas.

3. Nos graos e mestrados, a proposta de táboa de equivalencias será elaborada pola persoa responsable de relacións internacionais do centro.

Nos estudos de terceiro ciclo, esta tarefa corresponderá á persoa responsable de relacións internacionais da Escola Internacional de Doutoramento. Esta persoa deberá presentar a proposta ao órgano competente para a súa aprobación, xunto co visto e prace do/a coordinador/a do programa de doutoramento.

4. En todos os casos, as táboas de equivalencias serán aprobadas pola xunta de centro ou as súas comisións delegadas con competencias en organización e planificación académica das titulacións implicadas.

5. Unha vez aprobada a táboa de equivalencias, publicarase na páxina web da facultade ou escola, ao igual que as modificacións ou actualizacións das táboas. A vicerreitoría con competencias en relacións internacionais terá un espazo común na súa páxina web con ligazóns aos repositorios de táboas de cada un dos centros.

Artigo 24. O obxecto do recoñecemento

1. Todo tipo de actividade académica que se realice dentro dun programa de estudos da UDC poderá ser recoñecida na mobilidade internacional, sempre que se inclúa nas táboas de equivalencias.

2. Se nunha mobilidade non existe unha táboa de equivalencias, ben por estar en tramitación, ben por se tratar dunha petición de libre mobilidade, os criterios de recoñecemento reflectiranse nunha proposta de equivalencias e/ou no contrato de estudos, co obxectivo de garantir a viabilidade académica da mobilidade e de axustarse aos criterios que estableza o centro, de ser o caso.

3. A correspondencia que se especifique nas táboas de equivalencia e nos contratos de estudos poderá ser fixada por curso completo, semestre completo, módulos, materias ou disciplinas.

4. O criterio fundamental para o recoñecemento será que o/a estudante, como consecuencia da súa actividade académica no estranxeiro, adquira unhas

competencias similares ás que obtería na UDC de permanecer nela durante a súa estada.

Para o recoñecemento non se esixirá un nivel específico de equivalencia dos contidos, nin a identidade da carga lectiva, pero deberase procurar que o/a estudante realice un esforzo académico equiparable ao que se lle esixiría na UDC para adquirir as mesmas competencias, no caso de que quedara en vez de realizar a mobilidade.

5. O número de créditos que se recoñecerá na mobilidade estará determinado ao que estableza a normativa de xestión académica da UDC, vixente no momento, sobre o número mínimo e máximo de créditos de matrícula permitidos.

6. Se o número de horas por crédito é semellante entre a UDC e a institución de destino, a diferenza de créditos que se recoñecerá na titulación da UDC non poderá superar os 2 ECTS en mobilidade semestral e os 4 ECTS en mobilidade anual. De superárense, os créditos adicionais serán incluídos no suplemento europeo ao título. Se os créditos difiren no número de horas, farase unha equivalencia a ECTS dividindo o número total de horas entre 8,5.

7. No caso do recoñecemento de prácticas, será a persoa responsable de relacións internacionais do centro quen decida, proporcionando a este estudantado o máximo recoñecemento posible. Este recoñecemento poderá incluírse no expediente académico do estudante, ou polo menos no suplemento europeo ao título.

No caso dos mestrados ou dos doutoramentos, o/a responsable de relacións internacionais consultará coa persoa coordinadora a idoneidade das prácticas para o seu recoñecemento.

Artigo 25. Aplicación do recoñecemento académico

1. O recoñecemento académico terá en conta todas as cualificacións que se obtiveron na institución de destino e a nota equivalente, segundo o sistema de cualificacións da UDC, reflectirase no expediente do/a estudante.

A UDC poderá publicar, por resolución da vicerreitoría competente en materia de relacións internacionais, as táboas e os criterios de equivalencia nas cualificacións, que poderán ser de carácter orientativo ou obrigatorio.

2. No caso de que unha materia dun plan de estudos da UDC corresponda a varias materias do plan de estudos do centro de destino, a cualificación da materia da UDC calcularase sumando os créditos obtidos polo/a alumno/a, multiplicados cada un deles polo valor das cualificacións que correspondan, e divididos entre o número de créditos totais que obtivese o/a alumno/a.

3. A superación de créditos ou materias, así como a realización satisfactoria doutras actividades académicas, créditos ou prácticas, que figuren no contrato como actividades sen recoñecemento académico, non dará ao/a estudante dereito a recoñecemento académico nin no curso académico de que se trate nin en posteriores. Esta falta de recoñecemento manterase, mesmo se a táboa de equivalencias se

modifica nun futuro para incluír o recoñecemento académico dalgunha desas actividades. Con todo, ditas materias poderán figurar no suplemento europeo ao título, sempre que a normativa vixente o permita.

Artigo 26. Procedemento de aplicación do recoñecemento académico

1. Unha vez realizada a estadía, no caso de que a universidade de destino non lle envíe directamente á ORI as certificacións académicas, o/a estudante deberá solicitarlle á institución de destino a expedición dunha certificación académica orixinal acreditativa dos estudos que realizou. Nesta certificación deberán incluírse as materias cursadas coa súa denominación, as actividades realizadas e os créditos e as cualificacións obtidas. De non o facer, o/a estudante poderá perder o dereito ao recoñecemento académico das súas cualificacións.

2. Tras rexistrar a recepción do documento, a ORI remitirá a certificación orixinal á persoa responsable de relacións internacionais do centro, quen cubrirá o impreso normalizado de recoñecemento de créditos coas cualificacións equivalentes, e presentaraa na administración do centro xunto co certificado orixinal de cualificacións, remitindo copia de toda esta documentación á ORI.

3. Logo de recibir a documentación na Administración do centro, os créditos recoñecidos e as cualificacións correspondentes incorporaranse ao expediente académico do/a estudante.

4. O/a estudante poderá presentar recurso de alzada perante a Comisión Académica do Centro no prazo dun mes conforme ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

CAPÍTULO VI. O contrato de estudos ou de prácticas

Artigo 27. Contrato de estudos e contrato de prácticas

1. O estudiantado da UDC deberá formalizar un contrato de estudos ou de prácticas antes da súa estadía e despois de recibir a orientación académica necesaria do/a responsable de relacións internacionais do centro ou, de ser o caso, do titor ou titora académica de intercambio. Este contrato deberá cubrirse de acordo co modelo que se estableza e será asinado pola persoa interesada e polo/a responsable de relacións internacionais do centro.

No caso dos mestrados e dos programas de doutoramento, o contrato deberá contar ademais coa aprobación do coordinador ou coordinadora académica da titulación.

2. O contrato de estudos ou de prácticas establecerá a actividade que o/a estudante se compromete a realizar na entidade de destino e determinará as condicións polas que se rexerá o recoñecemento académico da súa actividade. Estas condicións serán as que se sinalen na táboa de equivalencias aplicable, cando exista unha en vigor.

3. No contrato deberán figurar, ademais das actividades e os créditos que se van realizar no centro de destino, todas as condicións especiais a que estiver suxeito o

recoñecemento. Estas condicións non poderán, en ningún caso, supor desigualdade ou discriminación entre o estudiantado que realiza estadias de mobilidade e o que permanece na UDC.

4. No contrato poderán incluírse materias virtuais que se impartan durante a mobilidade do/a estudante.

5. As materias que se inclúan no contrato de estudos e que se teñan que recoñecer só poderán ser avaliadas na universidade de destino durante o ano académico en que se realice a estadia no estranxeiro.

6. O/a estudante poderá realizar actividades ou cursar créditos na institución de destino sen que sexan recoñecidos academicamente. No contrato de estudos deberán figurar estas actividades coa indicación de que non contarán de recoñecemento académico, cos efectos previstos no artigo 25.3.

7. Unha vez asinado o contrato de estudos, o/a estudante deberá remitir unha copia á ORI e á Administración do seu centro antes da data límite de aceptación que marque a institución de destino. A ORI, sempre que dispoña desta información, dará a coñecer ditas datas a título informativo. Será responsabilidade do/a estudante confirmar a data límite para formalizar a solicitude na institución de destino.

No caso do estudiantado de libre mobilidade, unha vez que a persoa coordinadora institucional asine o contrato, a ORI facilitará unha copia ao/a estudante para que a entregue no centro e así formalice a súa matrícula na UDC.

8. O número de créditos que se indique como susceptible de validación non poderá exceder o número máximo de créditos dos que se pode matricular o/a estudante na UDC durante o mesmo período, segundo a normativa de ordenación académica. Se a normativa non establece un límite de créditos por semestre, entenderase que a metade do número máximo de créditos por curso será o límite.

9. Para que os cursos de idiomas sexan recoñecidos academicamente na titulación, terán que estar incluídos no contrato de estudos. Se no certificado de notas finais da institución de destino figurasen cursos que non se incluíron no contrato de estudos, o/a estudante poderá recoñecerlos segundo o que estableza a normativa da UDC sobre recoñecemento por actividades nos graos. Neste caso, para que teña lugar ese recoñecemento, o/a estudante deberá seguir o procedemento establecido na dita normativa. En ningún caso, o/a estudante poderá ter un dobre recoñecemento dos créditos obtidos na mesma actividade formativa.

Artigo 28. Modificación do contrato de estudos

1. O contrato de estudos poderá ser modificado por petición do/a estudante unha vez por semestre, tras a autorización da persoa responsable de relacións internacionais do centro. A modificación poderá solicitarse cando a oferta académica da institución de destino non coincida coa inicialmente prevista ou cando haxa unha inadecuación na elección inicial das materias. Excepcionalmente, por causas plenamente

xustificadas e alleas á vontade do/da estudante, a ORI poderá autorizar outras modificacións adicionais do contrato de estudos.

A solicitude de modificación poderá realizarse dentro seguintes prazos:

- Un mes desde o inicio do curso académico no centro de destino, de se tratar de materias anuais ou do primeiro semestre na universidade de destino. Para estes efectos, enténdese por inicio do curso académico a data que figure no certificado de chegada, correspondéndose co primeiro día no que o/a estudante debe estar presente na institución de acollida (primeiro día de clase, primeiro día de traballo, acto de benvida ou inicio de cursos de idiomas).
- No primeiro mes desde o comezo do segundo semestre no centro de destino, de se tratar de materias anuais ou do segundo semestre na universidade de destino.

Os ditos prazos poderanse prorrogar, logo de o solicitar, por circunstancias excepcionais, pero nunca despois de comezar o período de exames na universidade de destino.

2. Unha vez recibida a solicitude de modificación do contrato, no caso de autorizar os cambios, o/a responsable de relacións internacionais do centro remitirá o contrato modificado á Administración do centro para que, de ser o caso, realice o cambio de matrícula.

Unha vez comprobada a viabilidade do cambio e feito na matrícula, a Administración do centro enviará á ORI o contrato modificado onde figurarán todas as materias que o/a estudante cursará de modo definitivo no centro de destino, así como as súas equivalencias na UDC. Posteriormente, a ORI informará o/a estudante e á institución de destino de que se produciu a modificación.

TÍTULO V. Mobilidade internacional do estudiantado de universidades estranxeiras á UDC: estudiantado entrante

CAPÍTULO I. Modalidades, dereitos e obrigas

Artigo 29. Modalidades

Se considerará estudiantado entrante aquel que se atope nalgunha destas situacións:

- a) O estudiantado de intercambio, entendéndose por tal quen realice unha estadía académica temporal na UDC para cursar estudos relacionados coa titulación que estea estudando na universidade de orixe e sexa adxudicatario/a dunha praza de mobilidade concedida no marco dos programas, acordos ou convenios de intercambio subscritos pola universidade de orixe coa UDC.
- b) O estudiantado visitante, comprendendo a quen realice unha estadía académica temporal na UDC para cursar estudos de nivel de grao ou mestrado, sen ser adxudicatario dunha praza de mobilidade concedida no marco dos programas, acordos ou convenios de intercambio subscritos pola universidade de orixe coa UDC.

c) O/A investigador/a visitante, isto é, o estudiantado de doutoramento que realice unha estadía temporal para desenvolver un tema de investigación baixo a tutela de persoal docente da UDC.

d) O estudiantado entrante de prácticas, isto é, quen non estea matriculado/a en materias regulares da UDC, pero realice unha estadía temporal nalgún dos servizos, centros, departamentos ou organismos da UDC coa finalidade de desenvolver un período de prácticas profesionais mentres cursa unha titulación na súa institución de orixe.

Artigo 30. Dereitos e obrigas

1. Con carácter xeral, o estudiantado entrante terá os mesmos dereitos e obrigas que o estudiantado da UDC.

2. Será obrigatorio para o/a estudante entrante contar cos seguros que esixa a UDC e a súa universidade de orixe e mantelos durante todo o período da estadía.

Artigo 31. Competencia lingüística

1. Con carácter xeral, para poder cursar estudos na UDC de forma satisfactoria, recoméndase un nivel B1 do MCERL en lingua castelá ou galega.

2. Dito nivel será obrigatorio para realizar unha estadía de prácticas en aqueles servizos, departamentos, centros ou organismos da UDC onde o/a estudante desenvolva unha actividade de cara ao público.

3. Algunhas accións ou programas da UDC que inclúan a participación de estudantes entrantes poderán requirir a acreditación dun determinado nivel do idioma, se se considera necesario para asegurar o bo funcionamento do programa.

CAPÍTULO II. Admisión do estudiantado entrante

Artigo 32. Admisión do estudiantado de intercambio

1. A admisión do estudiantado de intercambio rexerá polo disposto nos programas, acordos ou convenios de intercambio subscritos pola universidade de orixe coa UDC.

2. Dentro do prazo e na forma que se estableza no programa, acordo ou convenio, a universidade ou entidade competente para seleccionar o estudiantado deberá remitir á ORI as relacións das persoas candidatas para participar no programa de mobilidade que corresponda.

3. A aceptación dos/das estudantes realizarase segundo as regras de cada programa, acordo ou convenio.

4. A ORI será o organismo encargado de tramitar o proceso de aceptación do estudiantado, de conformidade co establecido en cada programa.

Artigo 33. Admisión do estudiantado visitante

1. O estudiantado visitante que desexe realizar unha estadía temporal na UDC deberá solicitar a súa admisión segundo o establecido na páxina web da ORI.

2. A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- a) A copia do seu expediente académico.
- b) A relación das materias que cursou na súa universidade de orixe coas correspondentes cualificacións, así como unha proposta do plan de estudos que desexe cursar na UDC.

Con carácter xeral, serán aplicables a este estudantado os mesmos límites de créditos ECTS por estadía semestral/anual que se aplican ao estudantado ordinario de continuación a tempo completo da UDC. Se a normativa académica non establece un límite máximo para as estadías semestrais, este límite será a metade do máximo establecido para un curso completo.

- c) A copia do seu pasaporte ou, se é cidadán da Unión Europea (UE) ou do Espazo Económico Europeo (EEE), o documento nacional de identidade.

3. Unha vez presentada a solicitude, o estudantado visitante será admitido pola ORI tras comprobar a idoneidade da persoa candidata e a existencia de prazas dispoñibles nas titulacións afectadas polo plan de estudos proposto.

4. O estudantado visitante deberá aboar as tarifas que correspondan, agás que o convenio internacional suscrito pola UDC coa institución de orixe estableza o contrario.

Artigo 34. Admisión do/a investigador/a visitante

1. Os/as investigadores/as visitantes que desexe realizar unha estadía temporal na UDC deberá solicitar a súa admisión segundo o establecido na páxina web da ORI.

2. A solicitude acompañarase da seguinte documentación:

- a) A copia da titulación universitaria que posúa.
- b) Un documento que acredite que están realizando estudos de doutoramento na súa universidade de orixe, xunto cun escrito dun/ha profesor/a da UDC con dedicación a tempo completo que se comprometa a dirixir as tarefas de investigación de doutoramento do/a estudante durante a súa estadía. Este escrito deberá incluír as datas previstas da estadía, unha descrición do plan de investigación e un plan de seguimento e avaliación.
- c) A copia do seu pasaporte ou, se é cidadán da Unión Europea (UE) ou do Espazo Económico Europeo (EEE), o documento nacional de identidade.

Artigo 35. Admisión do estudantado entrante de prácticas

1. O estudantado entrante de prácticas remitirá unha solicitude á ORI, acompañada da seguinte documentación:

- a) a copia do seu expediente académico;
- b) o currículo;
- c) a certificación do nivel de coñecemento do idioma español e/ou galego;

d) a copia do pasaporte ou, se é cidadán da UE ou do EEE, o documento nacional de identidade;

e) a proposta do plan de traballo que pretende desenvolver na UDC, asinada polo/a estudante e pola universidade de orixe.

2. A ORI enviará a solicitude e a documentación ao centro, servizo, departamento ou organismo da UDC relacionado co plan de traballo do/a estudante.

3. Se o centro, servizo, departamento ou organismo da UDC admite ao/á estudante, comunicarllo á ORI xunto co plan de traballo aprobado. Con esta documentación, a persoa coordinadora institucional da UDC asinará o contrato de prácticas e a ORI emitirá a carta de admisión correspondente.

CAPÍTULO III. Réxime das estadias do estudiantado entrante na UDC

Artigo 36. Condicións académicas

1. Con carácter xeral, o estudiantado entrante poderá cursar na UDC créditos de todas as materias que se ofrecen nas ensinanzas oficiais de grao e mestrado da UDC, incluído o prácticum, os traballos de fin de grao ou mestrado e os estudos de doutoramento.

2. Non obstante o anterior, en casos xustificados por razóns docentes, a UDC poderá solicitar unha autorización para limitar a admisión a determinadas materias ou cursos. Esta solicitude presentarase cando se estableza a proposta de estrutura de grupos no Plan de Organización Docente (POD) do curso correspondente.

A solicitude será resolta pola vicerreitoría con competencias en relacións internacionais, en coordinación coa vicerreitoría con competencias en ordenación académica. No caso de se autorizar un límite de prazas, os centros, departamentos e mestrados proporán os criterios para adxudicar as prazas ofertadas, que serán aprobados pola vicerreitoría competente en materia de ordenación académica e publicados coa antelación suficiente.

3. Os centros non poden limitar o número de estudiantado entrante que se teña comprometido pola UDC nos programas, acordos ou convenios vixentes subscritos por instancia ou co consentimento dos/as representantes do centro.

4. Os centros disporán as medidas necesarias para asegurar a orientación, a supervisión e o seguimento do estudiantado adscrito a el.

Artigo 37. Adscrición

1. O estudiantado de intercambio e o estudiantado visitante será adscrito a unha titulación de grao ou mestrado da UDC, segundo a rama de estudos relacionada co programa de mobilidade internacional acordado coa súa universidade de orixe ou no documento de aceptación do/a estudante visitante.

2. O investigador visitante será adscrito ao departamento ou grupo de investigación da UDC onde vaia desenvolver a súa actividade, e estará suxeito á titorización do/a profesor/a que subscriba o compromiso que se indica no artigo 34.2.b.

3. O/a estudante entrante de prácticas será adscrito/a ao servizo, instituto, centro, departamento ou grupo de investigación da UDC onde vaia realizar a súa actividade, e estará baixo á titorización da persoa que aceptou o plan de traballo para a práctica do/a estudante visitante.

Artigo 38. Certificados académicos

1. Ao finalizar a estadía do estudiantado de intercambio e do estudiantado visitante, e unha vez validadas as cualificacións que correspondan, a ORI expedirá un certificado oficial en galego, con tradución ao castelán e o inglés, que incluírá os datos persoais do/a estudante, o marco e o nome do programa de mobilidade en que cursou os estudos, as materias que cursou e as cualificacións obtidas de conformidade co sistema vixente na UDC. A ORI remitirá o certificado académico tanto á universidade de orixe como ao/a estudante, no prazo máximo dun mes a partir da fin do prazo de entrega das actas e das cualificacións.

2. O/a investigador/a visitante, unha vez a persoa responsable da súa titorización presente o informe de final de estadía, obterá un certificado académico oficial da UDC que incluírá, polo menos, a descrición da súa actividade e a valoración do/a titor/a responsable.

3. O estudiantado con fins de prácticas, unha vez que remate a súa actividade no servizo, instituto, centro, departamento ou grupo de investigación a que fose adscrito/a, terá dereito a obter do/a seu/súa persoa responsable un informe completo de carácter oficial, no que se describirá a actividade realizada e a valoración que merece o seu desempeño.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa

Queda derogado o Regulamento da Universidade da Coruña sobre mobilidade internacional de estudantes aprobado polo Consello de Goberno o 20 de decembro de 2012 e modificado polo Consello de Goberno o 27 de febreiro de 2014 e o 29 de xaneiro de 2015, e cantas normas de inferior ou igual rango se opoñan ao previsto neste regulamento.

Disposición final primeira. Habilitación regulamentaria

Habilitase a vicerreitoría con competencias en relacións internacionais para desenvolver este regulamento e interpretar as dúbidas que poidan xurdir na súa aplicación, mediante as instrucións que sexan oportunas, que deberán ser publicadas no TEO da UDC no caso de ter alcance xeral.

Disposición final segunda. Entrada en vigor

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no TEO da UDC.

O Reitor